

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*ORDE do 24 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural, e se convocan para os anos 2018 e 2019.*

A Constitución española establece no seu artigo 40 a obriga dos poderes públicos de promover as condicións favorables para o progreso social e económico e, de maneira especial, de realizar unha política orientada ao pleno emprego. Así mesmo, recolle no artigo 129 a obriga de promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa e de fomentar, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas, así como a de establecer os medios que faciliten o acceso das persoas traballadoras á propiedade dos medios de produción.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia. En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, e dispón que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realice unha política de fomento do movemento cooperativo e adopte as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Pola súa banda, a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as devanditas entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

As empresas de economía social e, singularmente, as cooperativas demostraron a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente activar suficientemente as súas potencialidades de emprendemento e autoemprego.

A economía social, polos seus principios, perfírase cada día máis como un actor económico e social fundamental na sociedade actual. Co obxecto de promover o seu desenvolvemento

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5



mento creouse un instrumento de colaboración formado por entidades públicas e privadas que colaboran nun marco de actuación co mesmo obxectivo común de fomento, que presta especial atención ao emprendemento e á creación e consolidación de emprego. Este instrumento foi regulado mediante o Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se regula o seu funcionamento.

Pola súa parte, o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, atribúelle á citada consellería a competencia para propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral, que engloba, entre outras, as competencias en materia de cooperativas e outras entidades de economía social. Segundo o seu artigo 35.b), correspóndelle á Secretaría Xeral de Emprego, entre outras, a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprego, cooperativas e outras entidades de economía social.

En exercicio destas competencias e no marco da Rede Eusumo, a Secretaría Xeral de Emprego ofrece formación moi variada en materias transversais, como por exemplo xestión empresarial, negociación e toma de decisións, funcionamento dos órganos de goberno, márketing, finanzas, xestión de web, comercio en liña, fiscalidade, RSE, etc. Ademais, ofrece asesoramento durante todo o proceso de constitución dunha empresa de economía social, desde a validación da idea inicial ata a concreción do modelo de negocio, trámites, etc. Este asesoramento continúa unha vez constituída a empresa, sempre que se necesite.

Por outra banda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria aprobou a Axenda 20 para o emprego, que pretende ser o instrumento que permita a creación de emprego estable e de calidade, no marco do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e do novo modelo económico e produtivo definido para Galicia, a través da Axenda para a competitividade industrial, Axenda 4.0, a Estratexia de especialización intelixente e a Estratexia de internacionalización da peme galega. Entre as medidas que recolle a Axenda 20 para o emprego destaca o programa Aprol, destinado a incentivar o emprego e que ten como unha das súas vertentes o cooperativismo e a economía social. Así pois, mediante as axudas Aprol-economía social foméntase a creación de emprego, axudando tanto a cooperativa ou sociedade laboral que incorpora persoas socias traballadoras, como as persoas que crean o seu posto de traballo a través dunha destas entidades, e que necesitan achegar un capital social para poder incorporarse.



Na actualidade, o rural galego ofrece múltiples oportunidades para o impulso de modelos de negocio innovadores baseados na explotación dos recursos endóxeos existentes e a modernización dos proxectos máis tradicionais.

En consonancia, o medio rural galego constitúe un campo cun gran potencial para o empendemento e serve de equilibrio do desenvolvemento de Galicia, dentro do contexto dunha sociedade moderna e definida por novos valores baseados en modelos de empendemento colaborativos grazas ás oportunidades que as tecnoloxías da información e comunicación ofrecen, entre outros factores.

Polo tanto, o medio rural demanda o impulso dun programa de identificación de oportunidades de negocio e a posterior posta en marcha e modernización de proxectos empresariais vinculados con sectores emerxentes en contornas rurais.

Por medio desta orde de bases reguladoras das subvencións aos laboratorios cooperativos no rural, establécense dous programas de axudas para fomentar a creación de empresas de economía social no rural desde dúas perspectivas, por unha banda a da entidade mentora que recibirá unha subvención para buscar e seleccionar as persoas desempregadas que van participar no proceso, así como para impartir a formación sectorial necesaria para emprender esa actividade e, por outra, a da cooperativa ou sociedade laboral que se constitúa de resultas daquela actividade tractora, que recibirá unha subvención para gastos de funcionamento inicial.

Complementábase así a fase inicial de formación e asesoramento prestada a través da Rede Eusumo, mediante apoio especializado na área de actividade de que se trate. Así mesmo, complementábase a fase final de constitución da cooperativa ou sociedade laboral, apoiada a través do programa Aprol-economía social, mediante axudas ás empresas constituídas para os gastos de funcionamento iniciais, co que se consegue un impulso integral.

No que respecta ao procedemento de concesión, establécese a concorrência non competitiva, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tendo en conta que a finalidade e o obxecto da subvención é o fomento da creación de emprego estable e de calidade, que redundará directamente nun beneficio social e económico xeral, así como o carácter experimental ou piloto do programa, non se considera necesario facer unha prelación das solicitudes presentadas, pois todas as entidades en que concorran os requisitos establecidos na convocatoria conseguen a dita finalidade por igual. Ademais, prevese a suficiencia do crédito para atender a totalidade das solicitudes que se poidan presentar.



Prevese o financiamento dos distintos programas con cargo aos fondos seguintes:

- Fondos finalistas, por tratarse de accións elixibles de acordo co Plan anual de política de emprego (PAPE).
- Fondos propios libres da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultados o Consello Galego de Cooperativas e o Consello Galego de Relacións Laborais e, de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

**CAPÍTULO I**  
**Disposicións xerais**

**Artigo 1. Obxecto e finalidade**

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en réxime de concorrencia non competitiva, para a posta en marcha dos laboratorios cooperativos no rural e proceder á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019.

Os ditos laboratorios teñen por finalidade fomentar a dinamización da economía local, identificando oportunidades de negocio no territorio e seleccionando un grupo de persoas interesadas en iniciar unha actividade económica no dito sector a través da constitución dunha cooperativa ou sociedade laboral.

2. Establécense os seguintes programas de axudas:

- a) Programa I: fomento de laboratorios cooperativos no rural (procedemento TR807C).
- b) Programa II: impulso de proxectos empresariais colectivos (procedemento TR807D).



**Artigo 2. Normativa aplicable**

As solicitudes, a súa tramitación e resolución axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Artigo 3. Principios de xestión**

A xestión destes programas de subvencións realizarase de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de acordo cos seguintes principios:

1. Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
2. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
3. Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

**Artigo 4. Financiamento**

1. A concesión das subvencións previstas nos programas desta orde estará suxeita á existencia de crédito nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2018 e realizarase con cargo ás seguintes aplicacións da Secretaría Xeral de Emprego: 09.40.324C.460.2, 09.40.324C.470.2 e 09.40.324C.481.2.

2. A distribución inicial de créditos fixarase para cada un dos programas recollidos no artigo 1 en cada convocatoria de subvencións.

3. De producirse remanentes de crédito nalgún dos devanditos programas poderanse reasignar as contías sobrantas ao outro.

4. Estes importes poderán verse modificados ou incrementados con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia ou da Administración do Estado como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás subvencións cofinanciadas polos Fondos Europeos, todo iso de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



**Artigo 5. Definicións**

Para os efectos desta orde entenderase por:

a) Persoa desempregada: aquela que careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Esta circunstancia será verificada de oficio polo órgano xestor e deixará constancia no expediente, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta, caso en que deberá achegar a documentación que se sinala en cada programa.

b) Persoa demandante de emprego: aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego. Esta circunstancia será verificada de oficio polo órgano xestor e deixará constancia no expediente, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta, caso en que deberá achegar a documentación que se sinala en cada programa.

c) Concello rural: aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada a nivel de parroquia (ZDP), segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística ([https://www.ige.eu/web/mostrar\\_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl](https://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl)). Para estes efectos consideraranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo.

d) Cooperativa: sociedade cooperativa galega inscrita no Rexistro de Cooperativas de Galicia dependente da Xunta de Galicia no momento de presentación da solicitude. Esta circunstancia será verificada de oficio pola Administración e deixará constancia no expediente.

e) Sociedade laboral: sociedade inscrita no Rexistro de Sociedades Laborais dependente da Xunta de Galicia e no Rexistro Mercantil no momento de presentación da solicitude. Esta circunstancia será verificada de oficio pola Administración e deixará constancia no expediente.

**Artigo 6. Entidades beneficiarias**

1. Poderanse acoller ás subvencións recollidas nesta orde, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos no correspondente programa de axudas:

a) Para o programa I: os concellos de Galicia, as áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios e os consorcios locais; as asociacións de entidades de economía social;



as asociacións e fundacións que teñan entre os seus fins a promoción do cooperativismo e da economía social, do emprendemento ou o desenvolvemento económico ou local, e as empresas privadas.

b) Para o programa II: as cooperativas e sociedades laborais resultantes dos laboratorios cooperativos previstos nesta orde.

2. Con carácter xeral, as entidades beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

b) Estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

d) Non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e reunir os restantes requisitos previstos nesta.

#### Artigo 7. *Subvencións baixo condicións de minimis*

Os incentivos establecidos no programa II desta orde quedan sometidos ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos nos seguintes regulamentos, segundo proceda:

1. Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Cando se trate dunha única empresa que realice por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada, o importe total das axudas *de minimis* concedidas non excederá os 100.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, sen que estas axudas poidan utilizarse para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

2. Regulamento (UE) núm. 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea





ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 15.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

3. Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

## CAPÍTULO II

### **Normas comúns, solicitudes, documentación e procedemento**

*Artigo 8. Forma e lugar de presentación de solicitudes e da documentación complementaria*

1. As solicitudes de subvención deberán presentarse por separado para cada un dos programas desta orde, nos modelos de solicitude que figuran nos anexos I e VII en función do programa de que se trate, acompañadas da documentación sinalada nesta orde e dirixíranse ao órgano competente para resolver.

2. Para o programa I, as entidades que poden ser beneficiarias poderán concorrer ás axudas de xeito individual ou conxuntamente con outras das sinaladas no artigo 6.1.a). Neste suposto, todas as entidades solicitantes quedan obrigadas solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención e ao cumprimento do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En particular, deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada unha das entidades solicitantes, así como o importe de subvención que se aplicará por cada unha delas, que terán igualmente a consideración de beneficiarias. En calquera caso, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como entidade beneficiaria, corresponden á agrupación.

Deberase presentar unha solicitude por cada proxecto que se pretenda desenvolver, sexa individual ou conxuntamente.





3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a documentación recollida nos artigos 27 e 32 en función do programa de que se trate.

Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



7. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9. *Emenda das solicitudes*

Unha vez recibidas as solicitudes, a unidade administrativa encargada da instrución do expediente comprobará se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a entidade interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

No caso de que a solicitude sexa presentada de xeito presencial a través de calquera dos rexistros habilitados, requirirase a interesada para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que se realice a emenda.

Esta fase completárase incorporando ao expediente a información rexistral da entidade solicitante segundo a documentación que consta na Secretaría Xeral de Emprego, así como as certificacións indicadas no artigo 10.1 desta orde.

#### Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación destes procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, segundo proceda:

- a) Número de identificación fiscal das entidades solicitantes.
- b) DNI ou NIE das persoas representantes da entidade ou entidades solicitantes e das persoas participantes no proceso.



- c) Alta no imposto de actividades económicas das entidades solicitantes, de ser o caso.
  - d) Certificación emitida polo Servizo Público de Emprego como demandante de emprego das persoas participantes no proceso.
  - e) Certificación de atoparse ao día das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria referida ás entidades solicitantes.
  - f) Certificación de atoparse ao día das obrigas coa Atriga referida ás entidades solicitantes.
  - g) Certificación de atoparse ao día das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social referida ás entidades solicitantes.
  - h) Certificado de empadramento das persoas participantes no proceso.
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.
3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.
4. A comprobación poderá ser realizada polo órgano competente en cada unha das fases de xestión, control e verificación das axudas.

**Artigo 11. *Transparencia, bo goberno e protección de datos***

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas



a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

4. As persoas interesadas teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, co obxecto de xestionar este procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a [lopdi.industria@xunta.gal](mailto:lopdi.industria@xunta.gal).

#### Artigo 12. *Instrución do procedemento*

1. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, nos termos previstos no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. O órgano instrutor dos expedientes será a Subdirección Xeral de Economía Social da Secretaría Xeral de Emprego.



3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

6. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e consideraranse rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

7. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### Artigo 13. *Resolución e recursos*

1. A competencia para resolver as solicitudes corresponderalle, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria á Secretaría Xeral de Emprego.



2. Para o caso do programa II, se no momento de resolver unha solicitude non existe crédito suficiente para atender o proxecto nunha anualidade, e queda crédito sen asignar na outra anualidade, o órgano concedente formulará proposta de redistribución das anualidades para ese proxecto.

A dita proposta será enviada á entidade solicitante para que a acepte ou a rexeite. No caso de non contestar no prazo outorgado, entenderase a proposta rexeitada e resolverase a solicitude de acordo coa distribución inicial.

3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses desde a presentación da solicitude pola entidade interesada. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Unha vez notificada a resolución definitiva as entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6. Para o caso do programa II, na resolución de concesión informarase a entidade beneficiaria de que a axuda se integra no réxime de axudas *de minimis* establecido, segundo corresponda, no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352/1, do 24.12.2013); no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.6.2014), e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).



**Artigo 14. *Modificación da resolución de concesión***

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Tamén se poderá autorizar expresamente a modificación da resolución de concesión, incluída a repartición entre anualidades, por solicitude da entidade beneficiaria se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que a modificación non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, os seus aspectos fundamentais ou que fosen determinantes para a concesión da axuda, a determinación da persoa beneficiaria, nin dane dereitos de terceiros.

b) Que as modificacións obedezan a causas sobrevidas que non se puideron prever no momento da solicitude.

3. A solicitude de modificación debe formulala a persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria, na forma sinalada no artigo 8, expresando os motivos e os cambios que se propoñen.

4. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo órgano competente para resolver a solicitude de subvención. A resolución de modificación notificaráselle á persoa interesada no prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude.

**Artigo 15. *Xustificación e pagamento***

1. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación dunha solicitude de pagamento conforme o modelo do anexo III ou VIII, segundo o programa de que se trate, acompañada da documentación xustificativa que corresponda relacionada nos artigos 28 e 32 desta orde en función do programa de que se trate.

A presentación das solicitudes de pagamento realizarase na forma sinalada no artigo 8.

CVE-DOG: kim1ab13-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5





2. A entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente a solicitude de pagamento e a documentación xustificativa da subvención no prazo fixado na resolución de concesión e cumprindo co recollido nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de 10 días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

4. Cando concorran varias subvencións ao abeiro desta orde só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, facendo constar os procedementos a que se refire.

5. Para os efectos da xustificación, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado desde o inicio do período de execución e con anterioridade á finalización do prazo de xustificación sinalado na convocatoria. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pagamento nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

6. En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se xustifique mediante documentos bancarios, en que deberán quedar claramente identificadas as persoas ou entidades receptoras e as emisoras dos pagamentos (que deberán coincidir coas beneficiarias da axuda), así como o concepto destes. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

7. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Considéranse gastos subvencionables aqueles que

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5



de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nesta orde. En ningún caso o custo de adquisición dos bens e servizos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

8. Os tributos considéranse gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

9. Cando o importe do gasto subvencionable da acción ou investimento supere a contía establecida para os contratos menores na normativa reguladora da contratación pública en vigor no momento da solicitude de ofertas, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención ou coa solicitude de pagamento, en función de cando se execute a actividade, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

10. A Subdirección Xeral de Economía Social analizará a documentación xustificativa acreditativa da realización da actividade obxecto da subvención e emitirá unha proposta de pagamento que se elevará ao órgano competente para resolver, que será tamén o órgano competente para ordenar o pagamento.

11. O pagamento efectuarase de forma nominativa a favor das entidades beneficiarias e logo da acreditación dos gastos e pagamentos realizados, ata o tope máximo da contía concedida como subvención.

12. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria queda xustificada unha contía inferior á da subvención inicialmente concedida, o pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada. Admitirase a xustificación sempre que se refira aos conceptos subvencionados e especificados na resolución de concesión e ata o límite da contía total subvencionada.

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kdd5



13. En ningún caso poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias –estatais e autonómicas– e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

14. A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá excepcionalmente solicitar, de xeito motivado, a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquela que, de acordo co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, xa se atope en poder da Administración.

#### Artigo 16. *Réxime de compatibilidades e concorrencia*

1. O importe máximo das subvencións concedidas ao abeiro desta orde para cada finalidade deberá respectar os límites que se establecen nas bases reguladoras, e en ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

2. As subvencións para o fomento de laboratorios cooperativos no rural previstas no programa I resultarán incompatibles coas subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego e de lanzadeiras de emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, sempre que se atendan nos programas as mesmas persoas físicas.

3. As subvencións establecidas no programa II desta orde serán compatibles coas establecidas nos programas de fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol-economía social). Así mesmo, serán compatibles con outras subvencións orientadas á creación de emprego e empresas, sempre que non haxa identidade entre os conceptos subvencionables.

#### Artigo 17. *Obrigas das persoas e entidades beneficiarias*

1. Son obrigas das entidades beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.



b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, nos termos establecidos na normativa vixente sobre actividades de información e publicidade e na normativa aplicable polo carácter finalista dos fondos. Como mínimo, no lugar onde se realicen as accións deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo no modelo normalizado que se publique na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), en que conste o financiamento pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Ademais, todos os materiais e produtos que se elaboren con cargo ás subvencións concedidas deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia de acordo co Manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.es/descarga-do-manual>) así como o do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

g) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do



Estado ou da Unión Europea e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

2. As entidades beneficiarias das subvencións do programa II desta orde deberán cumprir, ademais, as obrigas específicas previstas no artigo 34.

#### Artigo 18. *Pagamento anticipado*

Unha vez acreditada a aceptación da subvención farase efectivo en concepto de pagamento anticipado un 80 % do importe da subvención, sen que en ningún caso o pagamento anticipado poida superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, segundo o previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Se o importe da primeira anualidade non acada a citada porcentaxe, efectuarase un novo anticipo, ata o 80 % do importe da subvención, con cargo á anualidade seguinte.

Para o programa I o pagamento anticipado virá condicionado á solicitude por parte da entidade beneficiaria.

Para os programas I e II as entidades beneficiarias quedan eximidas da obriga de constituíren garantía para a percepción dos pagamentos anticipados, por autorización do Consello da Xunta do 9 de maio de 2018 de acordo co establecido nos artigos 65.4 e 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### Artigo 19. *Reintegro e perda do dereito ao cobramento da subvención*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou do deber de xustificación, así como o incumprimento da obriga establecida no artigo 17.1.g), dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da subvención concedida.



b) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 17.1.e) e f) dará lugar a un reintegro dun 2 % da axuda concedida.

c) O incumprimento da obriga establecida no artigo 17.1.d) dará lugar ao seguinte reintegro da axuda concedida:

i. Para o caso de subvencións incompatibles con outras axudas:

(a) No caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a solicitude doutras axudas procederá o reintegro do 10 % do importe da subvención percibida.

(b) No caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras axudas procederá o reintegro do 100 % do importe subvención percibida máis os xuros de demora, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder.

ii. Para o caso de subvencións compatibles:

(a) No caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a solicitude doutras axudas procederá o reintegro do 5 % do importe da subvención percibida.

(b) No caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras axudas procederá o reintegro do exceso percibido máis os xuros de demora, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder.

d) No caso de que a entidade beneficiaria dunha axuda do programa II incumpra a obriga establecida no artigo 34.1 desta orde, procederá o reintegro nos seguintes termos:

i. Se a obriga se mantivo por un período de menos de 12 meses, procederá o reintegro total da axuda concedida.

ii. Se a obriga se mantivo por un período de 12 ou máis meses, procederá o reintegro parcial da axuda concedida. O cálculo da contía que se debe reintegrar farase do seguinte xeito:

(a) Divídese entre vinte e catro (24) meses a subvención concedida.

(b) Calcúlase o número de meses que faltan para que a obriga quede cumprida.



(c) Multiplícase o importe obtido na operación primeira (a) polo número de meses que faltan para que a obriga quede cumprida (b).

3. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou do deber de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

4. A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 20. *Devolución voluntaria de subvencións*

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención, indicando expresamente a persoa e entidade beneficiaria da subvención e o número de expediente.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente memoria explicativa das circunstancias que dan lugar á devolución, con expresión das persoas ou entidades afectadas, datas e calquera outra información relevante en relación coas causas que orixinan a devolución. Así mesmo, deberá conter o detalle dos cálculos efectuados con indicación da contía que se devuelve. A memoria deberase acompañar da copia xustificativa do ingreso bancario realizado.

3. A devolución voluntaria non exclúe a reclamación dos xuros de demora cando se considere procedente o reintegro da subvención.

#### Artigo 21. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Consellería de Economía, Emprego e Industria levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento dos programas.

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5





2. Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

### CAPÍTULO III

#### **Programa I: fomento de laboratorios cooperativos no rural**

##### *Artigo 22. Finalidade*

Este programa ten por obxecto establecer subvencións para a dinamización da economía local mediante fórmulas de economía social, a través de entidades mentoras que identifiquen oportunidades de negocio no seu territorio e seleccionen un grupo de persoas interesadas en iniciar unha actividade económica nun determinado sector, ao cal lle impartirán a formación específica necesaria nesa área de actividade, así como asesoramento e acompañamento.

##### *Artigo 23. Entidades beneficiarias e condicións para a obtención da subvención*

1. Poderán acollerse ás subvencións previstas neste programa as entidades a que se refire o artigo 6.1.a) que actúen como entidades mentoras dun grupo de persoas que teña interese en iniciar unha actividade económica nun determinado sector. Non haberá límites ao tipo de actividade, sempre que se desenvolva a través da fórmula de cooperativa ou sociedade laboral nun concello rural de Galicia.

2. A entidade mentora deberá desenvolver un papel tractor e dinamizador da economía local, para o que, unha vez identificada unha oportunidade de negocio no seu territorio, deberá captar un grupo de persoas interesadas en emprender.

O número mínimo de persoas que se debe seleccionar para a actividade é de tres, as cales deben ser demandantes de emprego. Adicionalmente, poderán participar persoas non demandantes de emprego, sempre que non supoñan máis do 20 % do total das persoas atendidas.

Unha vez feita a selección das persoas deberá impartirle a formación sectorial e a mentorización e asesoramento especializado necesario para emprender esa actividade, debendo contar para isto con persoal experto na materia de que se trate. Esta formación sectorial



complementarase co asesoramento e formación transversal en materia de economía social que a Secretaría Xeral de Emprego ofrece a través da Rede Eusumo.

O fin último deste programa de laboratorios cooperativos no rural é que todas ou parte das persoas seleccionadas constitúan unha cooperativa ou sociedade laboral no rural de Galicia, non sendo este, non obstante, requisito imprescindible para a obtención da axuda.

3. As accións descritas no parágrafo anterior plasmaranse nun itinerario que comprenderá en todo caso:

a) Formación sectorial específica na actividade ou sector do proxecto que se quere lanzar.

b) Titorización personalizada para a definición da idea de negocio e a elaboración da folla de ruta do proxecto.

c) *Coaching* profesional orientado ao emprendemento, que abranca como mínimo os aspectos de motivación para o emprendemento, xestión de equipos, negociación e xestión do cambio.

d) Mentorización por parte de persoas expertas na actividade ou sector de que se trate.

e) Asesoramento na mellora de procesos comerciais, apertura de novos mercados e acceso a financiamento.

O itinerario terá unha duración mínima de 100 horas e deberase acreditar a asistencia mínima do 90 % desta duración por parte de todas as persoas participantes.

A actividade desenvolverase nun máximo de catro meses, en todo caso dentro do período de execución que se estableza na convocatoria.

Todas as accións do itinerario deberán desenvolverse en lingua galega.

Cada sesión do itinerario deberá documentarse cos modelos normalizados que se publican na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións, que conterán como mínimo a súa duración e lugar de celebración, a relación de asistentes cos seus datos de identificación e sinaturas de conformidade, así como con copias dos documentos elaborados nas distintas fases.

CVE-DOG: kim1ab13-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5



4. As entidades beneficiarias deberán asegurar as persoas participantes contra accidentes, quedando a Consellería de Economía, Emprego e Industria exonerada de calquera responsabilidade ao respecto.

A póliza de seguro será sempre sen franquía e terá, polo menos, a seguinte cobertura:

– Asistencia médica, farmacéutica e hospitalaria para calquera accidente acontecido durante o horario de desenvolvemento da actividade, incluíndo o tempo necesario para o desprazamento das persoas participantes desde a súa residencia habitual ao lugar de impartición (o desprazamento deberá cubrir calquera medio de locomoción).

– Indemnización mínima de 30.000 euros por falecemento e mínima de 60.000 euros por invalidez permanente, derivadas ambas as dúas situacións dun accidente no lugar onde se realice a actividade e no desprazamento.

5. As entidades beneficiarias tamén deberán aboar, como mínimo, os custos de desprazamento das persoas participantes no proxecto que teñan un domicilio de residencia situado nun concello distinto a aquel onde se desenvolva o proxecto, sempre e cando sexan desempregadas e estean inscritas como demandantes de emprego. O pagamento destes gastos deberá xustificarse na forma prevista no artigo 28.

#### Artigo 24. *Gastos subvencionables*

1. Serán subvencionables ata o 80 % dos custos directos asociados á realización da actividade, así como dos custos indirectos e dos correspondentes á organización das actividades.

1.1. Consideraranse custos directos os seguintes:

a) As retribucións do persoal interno e externo no exercicio das actividades de preparación, impartición, tutoría e avaliación das persoas participantes nas accións a que se refire o artigo 23.3.

b) As axudas de custo do persoal sinalado na letra anterior.

c) Os gastos de amortización de equipos didácticos e plataformas tecnolóxicas, calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade, así como o alugueiro ou arrendamento financeiro destes, excluídos os xuros, soportados na execución das actividades e de xeito proporcional a estas.



d) Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das actividades, incluíndo o material de protección e seguridade.

e) Os gastos de alugueiro, arrendamento financeiro, excluídos os xuros, ou amortización das aulas, obradoiros e demais superficies utilizadas na realización da actividade.

f) Gastos de seguro de accidentes das persoas participantes.

g) Os gastos de axudas de custo e desprazamento das persoas participantes no proxecto, sempre e cando sexan desempregadas e estean inscritas como demandantes de emprego.

h) Gastos de publicidade para a organización e difusión das actividades.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados e xustificaranse os criterios de imputación ao proxecto.

1.2. Considéranse custos indirectos e gastos de organización os seguintes:

a) Os custos de persoal de apoio, tanto interno como externo, necesarios para a xestión e execución das actividades.

b) As axudas de custo do persoal sinalado na letra anterior.

c) Os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a súa adecuada preparación ou execución. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

d) Outros custos: electricidade, auga, calefacción, mensaxaría, comunicacións, limpeza e vixilancia, asociados á execución da actividade.

De conformidade co artigo 29, número 9, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, estes custos imputarao a beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. A beneficiaria deberá xustificar os criterios de imputación ao proxecto.

2. Para a subvención de custos de persoal asociados a calquera tipo de actividade só se terán en conta o salario base, os complementos de antigüidade e os asociados á categoría



profesional ou o posto de traballo, as pagas extraordinarias, as cotizacións sociais e as cantidades retidas en concepto de IRPF.

#### Artigo 25. *Subcontratación*

Autorízase a subcontratación con terceiros ata unha porcentaxe máxima do 50 % do custo total de cada un dos proxectos subvencionados a través deste programa, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos cales teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

#### Artigo 26. *Contía da subvención*

1. Establécese un tope máximo de axuda que será o resultado da suma das seguintes epígrafes:

a) Número de horas de traballo do persoal interno e externo dedicadas ás accións a que se refire o artigo 23.3, multiplicado por un módulo de 23,12 euros.

O módulo anterior obtívose calculando o custo unitario por hora de traballo efectivo dunha persoa titulada superior cunha xornada de 1.720 horas para 12 meses, de acordo coas retribucións salariais establecidas na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2018, relativa ao persoal laboral da citada titulación e de acordo coa Orde do 15 de xaneiro de 2018 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2018.

Inclúense nesta epígrafe tanto as horas efectivas de atención a que se refire o artigo 23.3 como as de preparación e avaliación das persoas participantes. O número de horas imputadas á preparación e avaliación non poderá ser superior ao de horas de atención efectiva.

b) En concepto doutros gastos directos poderase imputar como máximo o 10 % do total da subvención.

c) En concepto de gastos indirectos e gastos de organización do proxecto poderase imputar como máximo o 30 % do total da subvención.



2. A contía máxima que poderá ser concedida con cargo a este programa será de 15.000 € por cada proxecto subvencionado e de 45.000 € por cada beneficiaria.

*Artigo 27. Documentación para a solicitude da subvención*

1. A documentación que deben presentar as entidades para solicitar a subvención deste programa, de acordo co previsto no artigo 8, é a seguinte:

a) Acta de constitución e estatutos da entidade solicitante, excepto cando se trate dunha entidade local.

b) Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude, así como as persoas que asinan as declaracións responsables das entidades solicitantes.

c) Se é o caso, alta no censo de obrigados/as tributarios/as do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

d) Memoria explicativa do proxecto que deberá facer referencia, de xeito obrigatorio, aos seguintes aspectos:

– Actividades, área sectorial e ámbito territorial en que se pretende actuar, así como análise da viabilidade da oportunidade de negocio que xustifique os criterios determinantes da súa elección.

– Descrición do proxecto, que inclúa unha enumeración detallada de cada unha das accións que compoñen o itinerario a que se refire o artigo 23.3 desta orde; a metodoloxía que se vai aplicar, xustificada en relación cos obxectivos pretendidos; os sistemas de avaliación e seguimento das persoas participantes que se van utilizar, así como os sistemas de avaliación de calidade do programa empregados.

– Estrutura e cronograma completo do proxecto, indicando a data de inicio e fin prevista de cada unha das accións propostas.

– Criterios de selección das persoas que participarán no proxecto, que necesariamente deberán estar desempregadas e inscritas como demandantes de emprego. Deberase xustificar a idoneidade destes criterios, que en ningún caso poderán ser discriminatorios.



– Relación de medios materiais e recursos humanos de que disporá a entidade solicitante para levar a cabo as accións propostas, en que se especifiquen as condicións daqueles, o seu historial formativo e laboral e as súas capacidades. Cando os medios materiais destinados ao proxecto non sexan propiedade da entidade solicitante, deberá acreditarse a súa disposición de uso.

– Relación das persoas ou entidades colaboradoras que actuarán como mentoras do proxecto, detallando a súa experiencia e méritos para esta actividade.

– Orzamento detallado e individualizado por conceptos, co IVE desagregado, que concrete o importe da axuda solicitada e a porcentaxe de actividades que se pretendan subcontratar.

e) No caso de solicitudes formuladas conxuntamente por varias entidades:

1) Documento en que se acorde a colaboración entre elas, a designación da que as representa, a autorización á entidade sinalada como representante para presentar a solicitude en nome do resto, os compromisos asumidos por cada unha delas para a execución das actividades e o importe de subvención solicitado por cada unha.

2) Declaración de datos de cada unha das entidades solicitantes adicionais segundo o anexo II.

3) Declaración complementaria de cada unha das entidades participantes (agás a que actúe como representante), do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o anexo VI.

2. Para este programa I o órgano xestor comprobará de oficio a seguinte documentación, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta, de acordo co disposto no artigo 10 desta orde:

a) Número de identificación fiscal da entidade ou entidades solicitantes.

b) DNI ou NIE da persoa representante da entidade ou entidades solicitantes.

c) Alta no imposto de actividades económicas da entidade ou entidades solicitantes, se é o caso.

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5





d) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT referido á entidade ou entidades solicitantes.

e) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga referido á entidade ou entidades solicitantes.

f) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social referido á entidade ou entidades solicitantes.

3. Sen prexuízo do sinalado no artigo 9, serán denegadas as solicitudes en que non se detallan e xustifican de forma suficiente os elementos e criterios a que se refire a letra d) do número 1 do artigo 27 desta orde.

#### *Artigo 28. Documentación para a xustificación da subvención*

1. De acordo co previsto no artigo 15 desta orde, para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención deste programa, a entidade beneficiaria deberá presentar, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión, a seguinte documentación:

(a) Detalle do pagamento solicitado segundo o modelo do anexo IV. No caso de solicitudes formuladas conxuntamente por varias entidades, deberase achegar un anexo por cada unha das entidades solicitantes.

(b) Anexo V de comprobación de datos das persoas participantes no proxecto.

(c) Declaración responsable complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VI. No caso de solicitudes formuladas conxuntamente por varias entidades, deberase achegar a declaración complementaria de cada unha das entidades beneficiarias.

(d) Memoria final onde se faga constar unha descrición do desenvolvemento do programa, a relación de persoas atendidas especificando as accións realizadas e a identificación das persoas que finalmente acorden constituír unha cooperativa ou sociedade laboral, se é o caso. Esta memoria deberá axustarse ao contido mínimo que se publica na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións.



(e) Certificación detallada, expedida pola persoa que teña atribuída a dita función, dos gastos realizados e do cumprimento dos fins obxecto da subvención.

(f) Facturas ou outros documentos xustificativos do gasto, así como xustificantes bancarios de pagamento, identificadas e ordenadas segundo a relación exposta no anexo IV. Nos xustificantes bancarios deberá constar claramente a persoa emisora e perceptora e o concepto do gasto.

(g) Contrato de traballo, nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social, documento de ingreso das retencións á conta do IRPF (modelo 111) e xustificantes bancarios de pagamento das retribucións, correspondentes ás persoas expertas que realizan as actividades a que se refire o artigo 23.3. Nos xustificantes bancarios deberá constar claramente a persoa emisora e perceptora e concepto do gasto.

(h) Cando se subcontrate algunha das actividades a que se refire o artigo 23.3, documentación acreditativa do vínculo entre a entidade subcontratada e a persoa que levou a cabo as actividades.

(i) Cando o importe do gasto subvencionable da acción ou investimento supere a contía establecida para os contratos menores na normativa reguladora da contratación pública en vigor no momento da solicitude de ofertas, deberá presentar, así mesmo, tres ofertas de diferentes provedores previas á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá indicarse cal é a oferta elixida e xustificarse expresamente cando non sexa a proposta económica máis vantaxosa.

(j) Ficha de seguimento de cada unha das sesións celebradas, segundo o modelo normalizado publicado na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións, que conterán como mínimo a súa duración e lugar de celebración, a relación de asistentes cos seus datos de identificación e sinaturas de conformidade.

(k) Certificación en que consten as horas dedicadas tanto ás actividades de preparación e avaliación asociadas ao itinerario a que se refire o artigo 23.3 como as de coordinación e outras actividades de apoio, con descrición das tarefas realizadas, que deberá axustarse ao modelo que se publica na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións.

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5



(l) Copia de todos os documentos xerados durante a execución do proxecto como, por exemplo, documentos de difusión, materiais entregados, material docente, etc.

(m) Documentación acreditativa da repercusión pública das accións executadas, cando proceda.

(n) Póliza do seguro de accidentes das persoas participantes no proxecto e, no caso de que se impute este gasto á subvención, xustificante bancario do seu pagamento.

(o) Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos,...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

2. Para este programa I o órgano xestor comprobará de oficio a seguinte documentación, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta na fase de solicitude ou en calquera momento posterior, caso en que deberá achegar os seguintes documentos, de acordo co disposto no artigo 10 desta orde:

a) DNI ou NIE das persoas participantes no proxecto.

b) Certificación emitida polo Servizo Público de Emprego da inscrición como demandante de emprego das persoas atendidas no proxecto.

c) Certificado de empadramento das persoas atendidas no proxecto.

d) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT referido á entidade ou entidades solicitantes.

e) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga referido á entidade ou entidades solicitantes.

f) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social referido á entidade ou entidades solicitantes.

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5



**CAPÍTULO IV****Programa II: impulso de proxectos empresariais colectivos****Artigo 29. *Finalidade***

Este programa ten como finalidade esencial fomentar e promover o emprendemento colectivo baixo fórmulas de economía social no ámbito da comunidade autónoma, concedendo axudas económicas que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais resultantes dos laboratorios cooperativos no rural previstos no programa I.

**Artigo 30. *Entidades beneficiarias e condicións para a obtención da subvención***

1. Poderán ser entidades beneficiarias deste programa de subvencións as cooperativas ou sociedades laborais de nova creación constituídas como resultado dun laboratorio cooperativo no rural e que teñan o seu domicilio social nun concello rural de Galicia. Para estes efectos, as cooperativas ou sociedades laborais deberán estar formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras ou por persoas que emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen na cooperativa como persoas socias con carácter indefinido, con compromiso de exclusividade, para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precisen, que participasen con aproveitamento nun proxecto de laboratorio cooperativo no rural previsto no programa I desta orde e se encontren desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no momento de darse de alta na Seguridade Social.

2. A asistencia técnica para a realización das accións subvencionables deberá ser prestada por persoas físicas ou xurídicas que acrediten a súa solvencia profesional, por medio de titulación académica oficial suficiente para a prestación do servizo. No caso de persoas xurídicas, a persoa posuidora da titulación deberá acreditar o seu vínculo coa entidade.

**Artigo 31. *Gastos subvencionables e contía das subvencións*****1. Accións de asistencia técnica.**

Poderán ser obxecto de subvención ata o 80 % dos gastos ocasionados con motivo da posta en marcha das cooperativas ou sociedades laborais, cos seguintes límites particulares:

- Proxectos técnicos, ata un máximo de 1.000,00 €.



- Elaboración dos estatutos sociais e regulamentos de réxime interno necesarios para a posta en marcha dos proxectos empresariais, ata un máximo de 1.000,00 €.

## 2. Axuda para o lanzamento de actividade.

Poderase conceder unha axuda para o lanzamento de actividade, que consistirá nunha subvención de ata o 80 % dos gastos correntes necesarios para o inicio da actividade, cun máximo de ata 20.000 euros.

Serán subvencionables, a través desta axuda, os gastos pola compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos; arrendamento do local, maquinaria e equipamentos informáticos, seguro do local, publicidade e subministracións (electricidade, auga, etc.), sempre que se realicen no primeiro ano desde o inicio da actividade.

Considerarase como data de inicio a de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, a de alta no censo de obrigados/as tributarios/as do Ministerio de Economía e Facenda.

## 3. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos.

### Artigo 32. *Documentación para a solicitude da subvención*

1. A documentación que debe presentarse para solicitar a subvención deste programa, de acordo co previsto no artigo 8 desta orde, é a seguinte:

a) Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude.

b) Se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

c) Memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición do proxecto, os aspectos técnicos de produción e comercialización, a previsión de postos de traballo netos que se van crear, así como unha descrición detallada dos aspectos económicos, técnicos e financeiros que permitan avaliar a viabilidade do proxecto. Esta memoria deberá axustarse ao modelo dispoñible na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións.



d) Documentación específica da subvención para accións de asistencia técnica (artigo 31.1): orzamento individualizado correspondente a cada concepto subvencionable e cuantificado economicamente en todas as epígrafes.

e) Documentación específica da axuda para o lanzamento de actividade (artigo 31.2): orzamento total dos gastos necesarios para o inicio da actividade, con indicación daqueles a que se vai destinar a subvención, así como das fontes de financiamento, xunto coas facturas, facturas pro forma, orzamentos ou declaración da previsión de gastos, cuantificado economicamente por anualidades e co IVE desagregado.

2. Para este programa II o órgano xestor comprobará de oficio a seguinte documentación, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta na fase de solicitude ou en calquera momento posterior, caso en que deberá achegar os seguintes documentos, de acordo co disposto no artigo 10 desta orde:

- a) Número de identificación fiscal da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Alta no imposto de actividades económicas da entidade solicitante.
- d) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT da entidade solicitante.
- e) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da entidade solicitante.
- f) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social da entidade solicitante.

### Artigo 33. *Documentación para a xustificación da subvención*

1. De acordo co previsto no artigo 15 desta orde, para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención deste programa, a persoa beneficiaria deberá presentar no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión, a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de



resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VI.

b) Copia das facturas, así como dos xustificantes bancarios de pagamento, identificadas e ordenadas segundo a relación de documentos xustificativos do anexo VIII. Nos xustificantes bancarios deberán quedar claramente identificadas as persoas ou entidades receptoras e as emisoras dos pagamentos (que deberán coincidir coas beneficiarias da axuda), así como o concepto destes.

c) Cando o importe do gasto subvencionable da acción ou investimento supere a contía establecida para os contratos menores na normativa reguladora da contratación pública en vigor no momento da solicitude de ofertas, deberá presentar, así mesmo, tres ofertas de diferentes provedores, previas á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá indicarse cal é a oferta elixida e xustificarse expresamente cando non sexa a proposta económica máis vantaxosa.

d) Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

e) Documentación específica da subvención para accións de asistencia técnica (artigo 31.1):

1) Copia dos proxectos técnicos, estatutos ou regulamentos de réxime interior para os cales se solicitou a subvención.

2) Documentación que acredite a habilitación legal e debida cualificación para a prestación do servizo, nos termos previstos no artigo 30.2 desta orde.

2. Para este programa II o órgano xestor comprobará de oficio a seguinte documentación, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta na fase de solicitude ou en calquera momento posterior, caso en que deberá achegar os seguintes documentos, de acordo co disposto no artigo 10 desta orde:

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-ygn95v8kkd5





a) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT da entidade solicitante.

b) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da entidade solicitante.

c) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social da entidade solicitante.

#### Artigo 34. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 17 desta orde, as entidades beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumprir a obriga de manter, polo menos, durante un período de dous anos desde a data da resolución de concesión a forma xurídica de cooperativa ou sociedade laboral, así como a actividade empresarial.

2. No caso de incumprimento do previsto no número anterior, procederá o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 19 desta orde.

### CAPÍTULO V

#### **Convocatoria de subvencións para os anos 2018 e 2019**

#### Artigo 35. *Convocatoria*

Convócanse as subvencións para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural reguladas polas bases contidas nesta orde para os anos 2018 e 2019.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva.

#### Artigo 36. *Presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 30 de xuño de 2018 para o programa I e o 1 de outubro de 2018 para o programa II, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Non obstante, se o período de presentación resulta inferior a un mes, as solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde



no *Diario Oficial de Galicia*. Neste caso, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día é inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. No suposto de que antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes se esgote o crédito establecido na convocatoria, o órgano xestor deberá publicar, na forma que regulamentariamente se estableza, o esgotamento da partida orzamentaria asignada e a inadmisión das posteriores solicitudes destinadas a participar no procedemento, de acordo co establecido no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### *Artigo 37. Período de execución das accións*

O período de execución de accións abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de outubro de 2018 para o programa I e desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019 para o programa II.

#### *Artigo 38. Xustificación das accións subvencionadas*

1. As entidades beneficiarias das subvencións deberán xustificar o investimento conforme a resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme o modelo do anexo III ou VIII, en función do programa de que se trate.

2. A data máxima de presentación da solicitude de pagamento e xustificación das accións subvencionadas para o programa I será o 16 de novembro de 2018.

Para o programa II, as entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente. A primeira anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 30 de setembro de 2018 e a xustificación presentarase con data límite do 16 de outubro de 2018. A segunda anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019 e a xustificación presentarase con data límite do 16 de outubro de 2019.

#### *Artigo 39. Financiamento e normativa reguladora*

1. O orzamento total das subvencións previstas nesta orde ascende a 500.000,00 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 09.40.324C.460.2, 09.40.324C.470.2 e 09.40.324C.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 e 2019.

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5



A súa distribución inicial é a que se indica:

Programa I: 200.000,00 €.

| Aplicación       | Anualidade | Importe     |
|------------------|------------|-------------|
| 09.40.324C.460.2 | 2018       | 70.000,00 € |
| 09.40.324C.470.2 | 2018       | 60.000,00 € |
| 09.40.324C.481.2 | 2018       | 70.000,00 € |

Programa II: 300.000,00 €.

| Aplicación       | Anualidade | Importe      |
|------------------|------------|--------------|
| 09.40.324C.470.2 | 2018       | 100.000,00 € |
| 09.40.324C.470.2 | 2019       | 200.000,00 € |

2. A dita distribución poderá alterarse, logo das modificacións orzamentarias precisas, en función da tipoloxía de entidades que vaian realizar as actividades que resulten subvencionadas.

Disposición adicional primeira. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro sinalados no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Remanentes de crédito*

Se unha vez adxudicadas as subvencións resulta remanente de crédito, esta consellería reserva para si a facultade de efectuar convocatorias complementarias ou reabrir o prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bn19-lc42-yggn95v8kkd5



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Francisco Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

|                                                                                                                                                                       |                                                |                                       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|---------------------------------------|
| <b>PROCEDEMENTO</b><br><b>AXUDAS PARA A POSTA EN MARCHA DE LABORATORIOS COOPERATIVOS NO RURAL</b><br><b>PROGRAMA I: FOMENTO DE LABORATORIOS COOPERATIVOS NO RURAL</b> | <b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b><br><b>TR807C</b> | <b>DOCUMENTO</b><br><b>SOLICITUDE</b> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|---------------------------------------|

EXPEDIENTE

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a: ☐ Entidade solicitante

☐ Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**SUBVENCIÓN SOLICITADA**
☐ Laboratorios cooperativos no rural

**DATOS BÁSICOS DO PROGRAMA**

1. DENOMINACIÓN DO PROGRAMA (a denominación deberá ser concisa, breve e identificativa do contido do proxecto)

2. DURACIÓN

Data de inicio prevista do programa (artigo 23.3)

Data de fin prevista do programa (artigo 23.3)

3. ÁMBITO DA ACTUACIÓN

Concello

Enderezo completo do local onde se prestarán as accións

Núm. de persoas que se van atender

4. IMPORTE

ORZAMENTO

% AXUDA

SUBVENCIÓN SOLICITADA

4.1 Custos directos do persoal interno e externo (máximo: número de horas multiplicado por un módulo de 23,12 €)

80 %

4.2 Outros gastos directos (máximo: 10 % do total da subvención)

80 %

4.3 Gastos indirectos e gastos de organización do proxecto (máximo: 30 % do total da subvención)

80 %

TOTAL

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas  
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kkd5



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

### ANEXO I (continuación)

#### ENTIDADES SOLICITANTES ADICIONAIS

| RAZÓN SOCIAL | NIF |
|--------------|-----|
|              |     |
|              |     |
|              |     |
|              |     |
|              |     |
|              |     |

#### A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

| ORGANISMOS | IMPORTE (€) |
|------------|-------------|
|            |             |
|            |             |
|            |             |

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 16 das bases reguladoras.
8. Que se compromete a comunicarlle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas pola entidade beneficiaria e, de ser o caso, a obtención de subvencións ou axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
9. Que se somete ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria e ás de control financeiro que lles correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso presumirase que a consulta é autorizada)

- ☐ Memoria explicativa do proxecto que deberá facer referencia, de xeito obrigatorio, aos aspectos previstos no artigo 27.1.d) da orde de convocatoria.

|                                                                                                                                                                                                                                 | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|------------|-----|
| <input type="checkbox"/> Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude ou calquera das declaracións responsables das entidades solicitantes. |        |            |     |
| <input type="checkbox"/> Se é o caso, alta no censo de obrigados/as tributarios/as do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.                                                                                         |        |            |     |
| <input type="checkbox"/> Acta de constitución e estatutos da entidade solicitante, excepto cando se trate dunha entidade local.                                                                                                 |        |            |     |

Documentación específica no caso de solicitudes formuladas conxuntamente por varias entidades:

- ☐ Documento en que se acorde a colaboración entre elas, a designación da que as representa, a autorización á entidade sinalada como representante da presentación da solicitude en nome do resto, os compromisos asumidos por cada unha delas para a execución das actividades e o importe de subvención solicitado por cada unha (artigo 27.1.e)1).
- ☐ Declaración de datos de cada unha das entidades solicitantes adicionais segundo o anexo II (artigo 27.1.e)2).
- ☐ Declaración complementaria de cada unha das entidades participantes (agás a que actúe como representante), do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o anexo VI (artigo 27.1.e)3).

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas  
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: kim1abt3-h5n0-bnf9-lc42-yggn95v8kdk5



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
(continuación)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

|                                                                                                                                         | OPÓÑOME Á CONSULTA       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante.                                                                        | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante.                                                                    | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> Alta no imposto de actividades económicas, se é o caso, da entidade solicitante.                    | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT da entidade solicitante.   | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social da entidade solicitante.             | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da entidade solicitante. | <input type="checkbox"/> |

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, co obxecto de xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a [lodp.industria@xunta.gal](mailto:lodp.industria@xunta.gal)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 24 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural, e se convocan para os anos 2018 e 2019.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de

galicia

Secretaría Xeral de Emprego



**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

DECLARACIÓN DE DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE ADICIONAL  
TR807C - FOMENTO DE LABORATORIOS COOPERATIVOS NO RURAL

EXPEDIENTE

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## DENOMINACIÓN DO PROGRAMA (a denominación deberá coincidir coa indicada no anexo I de solicitude)

## COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á  
CONSULTA☒ NIF da entidade solicitante.☒ DNI/NIE da persoa representante.☒ Alta no imposto de actividades económicas, se é o caso, da entidade solicitante.☒ Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT da entidade solicitante.☒ Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social da entidade solicitante.☒ Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da entidade solicitante.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, co obxecto de xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a [lop.d.industria@xunta.gal](mailto:lop.d.industria@xunta.gal)

## DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

## SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE EMPLEO  
Y SEGURIDAD SOCIALXUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

## ANEXO III

### SOLICITUDE DE PAGAMENTO TR807C - FOMENTO DE LABORATORIOS COOPERATIVOS NO RURAL

EXPEDIENTE

#### DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

